

Dilemas éticos na práctica da psicoloxía

A formación en ética dirixese a que os psicólogos e as psicólogas asumamos a práctica da profesión dun modo responsable. Pera a ética non é unha intuición, non é unha bagaxe de experiencia, a ética é coñecemento científico que unindo bases teóricas con práctica profesional permite dispoñer de ferramentas para actuar, para abordar e exercer eticamente a profesión.

A nosa profesión ten como finalidade o ben individual pero tamén o ben común, o interese público e os profesionais que xa exercemos -en calquera ámbito- temos unha responsabilidade ante o cliente/paciente e ante a sociedade.

Con esta reflexión invitamos a máis reflexión. Cando a nosa práctica profesional non suscite incertidume, antes de tomar unha decisión, promovamos a conciencia crítica de maneira que, tendo como base un conxunto de criterios éticos, analicemos, en cada caso, as diferentes alternativas posibles.

Porque na nosa práctica diaria temos que preservar a nosa identidade profesional e non deixarnos caer nunhas identificacións que nos dean desde fora (clientes, institucións...), non sucumbir ao síndrome de Zelig, é dicir, psicólogos e psicólogas "á carta", facer só aquilo que se nos demanda asumindo roles segundo o entorno.

A nosa profesión guíase por uns principios (comúns a outras profesións) que nunca debemos perder de vista na nosa práctica: *beneficencia (facer o ben); non maleficencia (non causar dano. Primun non nocere); autonomía (exprésase no dereito de confidencialidade e o consentimento informado) e xustiza (alude ao dereito de toda persoa a ser tratada con equidade).*

Os códigos deontolóxicos non constitúen o todo ético, nin sequera o todo moral, pero son unha guía, unha regulación do exercicio profesional que ofrece uns principios xerais para conducir a conduta en situacións de implicacións éticas. Cando se producen estas situacións conflitivas hai un dilema e este dilema implica un proceso de toma de decisións que conleva deliberación, reflexión e, por ilo, para resolver dilemas éticos é necesario dotarse de coñecementos teóricos e práctica.

Reverter dilemas éticos é un desafío ao que nos enfrontamos cada vez máis os psicólogos e psicólogas e para ilo, insistimos, é necesario que teñamos coñecementos de razoamento ético, que nos permitan actuar ante a complexidade do feito que se nos presenta.

Un dilema ético é un conflito entre valores ou principios que non poder ser aplicados simultaneamente na mesma situación e que fan dubidar ao/á psicólogo/a sobre o modo de actuar axeitado. É dicir, o dilema ético suscítase cando existen contradicións entre valores e principios e temos incertidume pero hai que tomar unha decisión. Xestionar a ambivalencia convértese nun asunto individual a partir da pluralidade de abordaxes posibles dos dilemas éticos. Hai uns pasos a seguir para levar a cabo o razoamento ético e o camiño vai a estar en función do modelo teórico que adoptemos. Cada profesional debe buscar o seu propio itinerario de acción segundo o modelo ao que se acolla.

Entre os modelos éticos podemos citar: Modelos xenéricos, modelos sobre principios e competencias e modelos relevantes para o principio de autonomía.

A modo de síntese podemos dicir que cando nos atopamos ante un dilema ético todos os modelos sinalan, ao menos, os seguintes pasos:

1. Analizar as fontes informativas. Presentación do caso. Deliberación sobre os feitos.
2. Identificar os principios que se contradín. Identificar o problema ético.
3. Identificar os cursos de acción posibles. Ver se esa decisión adopta as probas de consistencia avaliando as repercusións de esa decisión.